



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DEZÁSEIS DE SETEMBRO DO 2020

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día dezaseis de setembro do dous mil vinte, reúnense os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión extraordinaria e urxente convocada para dito día vinteunha horas, dando comezo ás vinte horas.

Preside o Sr. Alcalde: D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo municipal Socialista: Dna. Gloria M^a Prada Rodríguez, D. Iban Torres Rodríguez, Dna. Pilar Espinosa Novelle, D. José Luis Losada Fernández, Dna Regina López Arias, D. Guillermo Díaz Aira, Dna. Margarita López Rodríguez e D. Miguel Tomé López.

Grupo Municipal do Partido Popular: Dna. Katherinie Varela Fernández, D. Roberto Eireos Saez e Victor Manuel Rodríguez López.

Grupo Mixto:

Bloque Nacionalista Galego: D. Emilio José Sánchez Iglesias

Esperta Monforte: D. Jaime Germán Vázquez Pérez.

Interventor: D. Manuel Vázquez Fernández.

Secretario: D. José Antonio Mourelle Cillero, que dá fe do acto.

Non asisten os concelleiros D^a Marina Doutón Rajo (PSOE) e D. Manuel Rodríguez Martínez. (PP).

Procédese por parte da Alcaldía a motivación da urxencia da convocatoria deste pleno pola Alcaldía sinalando que ven motivada por dúas circunstancias, unha que atinxe á transferencia de crédito, que é preciso dotar orzamentariamente actuacións neste exercicio, as cales non había crédito ou ben o crédito que había era insuficiente, como por exemplo aportación ao Obradoiro de Emprego, subvencións do AGADER e, no que atinxe ao suplemento de crédito refírese a reestructuración orzamentaria, a título de exemplo, citar o Plan Reactiva que se gastou menos do previsto do que estaba dotado orzamentariamente, e visto o estado de execución, e facendo unha execución do que queda de ano, vai prever substituír esas cantidades por outras actuacións, consideradas urxentes e que é preciso acometer nesta anualidade, para que non volvan a convertirse en remanentes.



Votación da urxencia, con dez votos a favor dos concelleiros do Grupo municipal Socialista, un voto en contra de Esperta Monforte e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal do Partido Popular e do BNG.

O Sr. Alcalde abre a sesión e dispón que se proceda a tratar os asuntos da orde do día.

1º.-APROBACION INICIAL DE EXPEDIENTE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 44/2020

Dase conta da proposta da Alcaldía que sinala:

“VISTA a evolución da execución do orzamento existen varias partidas nas que se fai necesario aumentar o crédito para facer fronte á aportación do concello para varias subvencións recibidas, para incrementar a aportación municipal á execución do Obradoiro, e para a compra de material para protección ante a COVID-19.

VISTO que cabe efectuar transferencias de créditos doutras partidas do orzamento vixente non comprometidas pertencentes a diferentes áreas de gasto e que se consideran susceptibles de minoración sen prexudicar o bo funcionamento dos servizos ó que pertencen.

Visto o anterior é polo que se propón:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos n.º 44/2020 por importe de 232.000,00 € na modalidade de transferencia de crédito, de acordo co seguinte:

<i>Partidas orzamentarias minoradas</i>	<i>Transferencia negativa</i>	<i>Partidas orzamentarias aumentadas</i>	<i>Transferencia positiva</i>
<i>338.226.99</i>	<i>232.000,00</i>	<i>920.632.01</i>	<i>95.000,00</i>
		<i>920.623.00</i>	<i>28.500,00</i>
		<i>432.632.00</i>	<i>10.000,00</i>
		<i>432.641.00</i>	<i>15.000,00</i>
		<i>4312.632.00</i>	<i>23.500,00</i>
		<i>920.226.99</i>	<i>60.000,00</i>
	<i>232.000,00</i>		<i>232.000,00</i>

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, por quince días, durante os cales os interesados porán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.”

Por parte da Alcaldía sinálase que se van debater conxuntamente os dous puntos.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez solicitando que sexa xeneroso o Sr. Alcalde nos tempos. Di que todos traballan e se dende o equipo de goberno, o luns puideron chamar por teléfono para dicir que ía convocarse un pleno para o mércores. Con respecto ao punto da transferencia de crédito, é máis do mesmo. Faláse dunha partida orzamentaria do orzamento xerado para festas que había 300.000 euros e agora son 232.000,00 gustaríalle saber onde se gastaron? No tocante o de remanente de tesoureiría, di que xa no pleno de 24 de abril, xa puideron adiantar e esta iniciativa que traen ven a darlle a razón, dicían que non era a fórmula máis axeitada de como facer as cousas, o importante sería saber en que investimentos se farían. Agora vén a dar a razón, no pleno do mes maio xa se autoenmendaron e hai cousas que se dan de baixas na proposta, que non vai haber tempo de invertir, o que puideron resumir é, que estase gobernando a vandazos, a salto de mata. Fala que o señor Alcalde xa sabía que o goberno se fixera co remanente de tesoureiría dos concellos, despois co tempo, o pasado luns se viu que foi todo o contrario, a urxencia foi por esas medidas, di que non valoran as formas e as cantidades económicas.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dicindo que eles intentan vir con actitude positiva, di que van votar en contra das dúas propostas. Efectivamente, o 24 de abril, convocou un pleno para modificación de crédito, sen haber urxencia tal como establece o artigo 177 da Lei de facendas locais. Máis adiante impúgnanse asimesmos, non paran de rizar o rizo, fan e desfán e fan que fan. Por iso votan en contra, onde está a urxencia? onde están os proxectos que xustifiquen esta circunstancia?, está vostede facendo un uso abusivo da maioría absoluta que ostenta, o interventor advirte da necesidade de revisar a urxencia, dando lectura do informe do Interventor. Di que todo o grupo, están facendo e desfando continuamente, por iso di que veñen a dicir o non polo non. Di que chamoulle a atención na páxina 6, no artigo 21, aprobación dos planes económicos financeiros polo pleno, no parágrafo 3 di que a responsabilidade é do pleno. As modificacións de créditos son feitas dubidosamente, rozando o largueiro, di que están sempre xogando nese límite, dicindo que iso non lles parece xusto, efectivamente é absolutamente legal.

Intervén D^a Katherinie Varela dicindo que cando foi a incorporación do remanente no seu momento votaron en contra porque non lles parecía demasiado claro onde se invertirían eses cartos. Di que van absterse porque seguir votando en contra xa que a maioría é aplastante. Di que van aproveitar o turno de palabra, non vén a urxencia da celebración dos plenos, non sabe porque non se pode debater isto no pleno do luns 28 de setembro, porque terían máis tempo para debater este asunto.



SECRETARIA

Gustaríalle que llo aclarara. Bota en falla como se gasta cada expediente, o ideal sería sempre que houberse un expediente electrónico, onde se vai gastar que se incluíra o expediente, para ver minuciosamente onde se gastan os cartos. Fala do interventor, que di que sería necesario no procedemento a comisión de facenda, di que non se realizou, dada a urxencia que vostede alega falta a comisión de facenda. No segundo punto non ve eses cambios que fai, espera que vai especificando máis os gastos que vai facer no futuro.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que as partidas sabe cales son , os proxectos concretos xa o diran, o pode dicir por experiencia que outros gobernos xa o fixeron. Tempo de gastalos, parte si vai dar tempo a gastalos, proxectos de obra menor, proxectos máis grandes pois non vai dar tempo a gastalos, pero sí a comprometerlos. Para nada van a salto de mata, porque isto que agora van facer, xa o tiñan previsto no mes de abril. Manifesta que ás veces hai que adaptarse ás circunstancias, estas obras non están pensadas de hoxe para mañá, os proxectos estanse redactando. Dille a D. Germán que é a segunda vez que traen isto, non é a enésima vez. Proxectos hai, outra cousa é que vostedes queiran saber coma se fosen o goberno. O goberno vai sacando os proxectos conforme cre que é oportuno. Falan do interventor , di que eles poden tomar as decisións que queiran os informes son informes. Vostede non force interpretacións D. Germán.

Di que gañan tempo por iso non é no pleno, porque o que se aprobe hoxe hai que publicalo no BOP, os proxectos abertos levan o seu tempo a súa tramitación, para deixalos comprometidos, se se gañan dez ou quince días nesta etapa do ano é moi importante. Ás veces hai circunstancias sobrevidas, de facelo naquel momento era porque estes fondos que tiñan de remanentes se utilizaran no Concello de Monforte, era o que querían, di que teñen varios proxectos claros. Fala de claridade absoluta, hai unha cuestión, di que anuncian as cousas cando se van facer. Di que na xestión do alumado público, di que vai ser o único Concello de España en renovar o 100 por 100 das súas farolas urbanas e rurais, este Concello ten que aportar 672.000,00 euros hai que quitalos dalgún lado, porque hai que aceptar estas axudas, so iso xustifica que se faga este pleno, isto vai supoñer pasar dun gasto real de 381.000,00 € en luz pública ao entorno dos 100.000,00, a aportación do Concello vaise ter amortizada en menos de tres anos, simplemente por este proxecto se convencen ter este pleno no día de hoxe.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que ten que felicitar a este Concello por gastar 180.000,00 euros no COVID-19, di vostede que os proxectos xa o saberemos, cales serán os que se deixan de facer, como por exemplo, no medio rural en reposición de infraestruturas dase de baixa 75.000.000 euros, no tema do turismo se da baixa 100.000 euros e ao mesmo tempo aparecen aportacións municipais en

SECRETARIA

infraestruturas turísticas é un remexido que costa entendelo. O único que din é que os proxectos se estiveran madurados xa virían aquí especificados, di que non votar a favor desta iniciativa, sobre todo no tocante ás festas que eses cartos das festas.

Intervén D. Jaime German Vázquez di que o das forzadas interpretacións o di o informe do interventor. Di eles ven un pouco de improvisación, fanse un plan reactiva e sobran cartos so se gastou o 38%, isto cando menos está mal dimensionado, si que é certo que iso non é moi normal. Os seus acertos son os seus beneficios, di que non teñen nada en contra de vostede. Deixa claro que esperan que non se cumpre o da ponte, porque lles parece un absoluto atraso. Di que van renunciar aos cartos deste pleno que non lle parece moi normal, non lles parece que por cinco ou dez días se tiveran que pegar este atracón, di que non lle da tempo a tráelo preparado todo o que lle gustaría.

Intervén D^a Katherinie Varela agradece a aclaración, gustaríalle que esas aclaracións aparecerán na proposta da alcaldía que se lles envía. Di que o do alumado , parécelle ben, por iso o de explicar ben os proxectos podería axudar a votar dunha maneira máis adecuada.

Intervén o Sr. Alcalde agradecendo o tono e a abstención a D^a Katherinie Varela. Dille a D. Emilio que deben ser os que mais gastan proporcionalmente en COVID, fíxexse vostede o que hai doutros Concellos e proporcionalmente á poboación que teñen, non vai haber moitos que gañen aos monfortinos. Di que non hai unha baixa no medio rural, hai unha reubicación. En turismo, haberá que esperar, pero si agora mesmo se non se poden reunir grupos de máis de dez. A marca de festival do viño da ribeira sacra a ten este Concello, e isto é unha primicia. Dille a D. Germán que a porcentaxe é do 39,56% no Plan Reactiva, era un 1.100.000, se se gastaron 543.000,00 euros, a xente si tuvo interés, os que non pecharon non puideron pedir, di que se prevé que a dimensión do programa podería ser maior. Fala que en Monforte 7.790 casas habitadas en Monforte, en función diso se preveu os bonos ás familias, qu edespois non o piden todos, os que se consideran ricos non o piden, iso é ser insolidarios, porque houberan metido na economía de Monforte o diñeiro que non se vai gastar, porque non o pides e o gastas nalgún sitio para beneficiar ao comercio, de todas as maneiras que o pide o 60% non está mal, tivo máis interese o plan de axudas ás familias que as eleccións autonómicas. Fala da ponte e di que habera que facerlle caso ao que votou a xente, un paso atrás é o que vostede pretendes, este vai ser un paso adiante na mobilización de infraestruturas, esta ponte vai ser onde moita xente faga fotos, di que será un elemento de atracción, e sobre todo para conseguir iso que todo o mundo leva falando moitas veces, para poñer a ponte vella peatonal. Di que eles van seguir traballando, dando pasos, as administracións cando presentan proxectos sólidos, poden poñer algún



condicionanete que ao mellor hai que adaptar, se salvan grandes cosas na natureza, a pesar dalgunha chinita, di que van ir por bo camiño.

Sometido o asunto a votación apróbbase por maioría con dez votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal socialista, un voto en contra de Esperta Monforte e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular e do BNG.

2º.-APROBACIÓN INICIAL EXPEDIENDE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO/CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO CON BAIXAS POR ANULACIÓN 45/2020.

Dase conta da proposta da Alcaldía que sinala:

“Importe: 1.495.000,00 euros

ANTECEDENTES:

Aprobado inicialmente en sesión extraordinaria do Pleno deste Concello, o día 24 de abril de 2020 o expediente núm. 19/2020 de modificación de créditos baixo a modalidade de crédito extraordinario e suplemento de crédito por importe de 6.247.841,96 €, financiado con cargo ó remanente líquido de tesourería para gastos xerais, e posteriormente modificada segundo alegacións resoltas polo Pleno en sesión celebrada o 29 de xuño de 2020 co seguinte detalle:

APLICACIÓN	IMPORTE
1532.619.04	2.000.000,00
454.619.03	200.000,00
165.639.02	300.000,00
1532,600,00	175.000,00
171.619.01	625.000,00
160.721.09	750.000,00
4311.480.01	1.600.000,00
432.226.99	147.841,96
342.226.99	350.000,00
920.226.99	100.000,00
	6.247.841,96

Por outra parte, e mediante resolución da Alcaldía de 21 de abril de 2020, aprobouse a modificación de crédito mediante suplemento de crédito seguinte:

APLICACIÓN	IMPORTE
------------	---------



231.480,00	500.000,00
------------	------------

Coa evolución do exercicio e vista a execución orzamentaria das partidas anteditas existe a posibilidade de modificar o importe destinado a algunhas das finalidades previstas na modificación e destinar o crédito a outras finalidades,

Financiamento: Baixa por anulación do crédito nas partidas seguintes:

<i>APLICACIÓN</i>	<i>CONCEPTO</i>	<i>IMPORTE DA BAIXA PROPOSTA</i>
454.619.03	<i>MEDIO RURAL. INV. DE REPOSICIÓN EN INFRAESTRUTURAS</i>	<i>75.000,00</i>
160.721.09	<i>SANEAMENTO. CONVENIO COA CONFEDERACIÓN PARA MELLORA DE SANEAMENTO</i>	<i>270.000,00</i>
4311.480.01	<i>PROMOCIÓN ECONÓMICA. PLAN REACTIVA E BONO</i>	<i>700.000,00</i>
432.226.99	<i>TURISMO. PROMOCIÓN TURÍSTICA</i>	<i>100.000,00</i>
342.226.99	<i>DEPORTES. GASTOS DERIVADOS DA INTERVENCIÓN CONTRATO PISCINA</i>	<i>50.000,00</i>
231.480.00	<i>SERVICIOS SOCIAIS. AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL</i>	<i>300.000,00</i>
		<i>1.495.000,00</i>

Suplemento: *O presente expediente de modificación orzamentaria mediante a modalidade de suplemento de crédito ten a finalidade de dar cobertura ás obrigas económicas que se desprenden dos seguintes expedientes:*

<i>APLICACIÓN</i>	<i>CONCEPTO</i>	<i>IMPORTE DO SUPLEMENTO DE CRÉDITO</i>
1532.619.04	<i>OBRAS ZONA URBANA. INVESTIMENTO DE REPOSICIÓN EN INFRAESTRUTURAS</i>	<i>172.313,52</i>
165.639.02	<i>ALUMEADO PÚBLICO. REPOSICIÓN DE ALUMEADO</i>	<i>379.420,00</i>
171.619.01	<i>PARQUES E XARDÍNS. MELLORA DE PARQUES E ZONAS VERDES</i>	<i>308.649,58</i>
326.632.00	<i>MULTIUSOS. REFORMA DO EDIFICO MULTIUSOS</i>	<i>155.812,85</i>
342.632.00	<i>DEPORTES. INVESTIMENTO DE REPOSICIÓN DE EDIFICIOS</i>	<i>167.964,50</i>



920.632.01	ADMINISTRACIÓN XERAL. INVESTIMENTO DE REPOSICIÓN DE EDIFICIOS E INFRAESTRUTURAS.	310.839,55
		1.495.000,00

Visto o anterior, propónse ao Excmo. Concello Pleno, a adopción dos seguintes acordos:

- 1) Aprobar o proxecto de modificación do vixente Orzamento, mediante a súa modalidade de Suplemento de crédito 45/2020 co seguinte detalle:

APLICACIÓN	IMPORTE DA BAIXA PROPOSTA	IMPORTE DO SUPLEMENTO DE CRÉDITO
454.619.03	75.000,00	
160.721.09	270.000,00	
4311.480.01	700.000,00	
432.226.99	100.000,00	
342.226.99	50.000,00	
231.480.00	300.000,00	
1532.619.04		172.313,52
165.639.02		379.420,00
171.619.01		308.649,58
326.632.00		155.812,85
342.632.00		167.964,50
920.632.01		310.839,55
TOTAL....	1.495.000,00	1.495.000,00

2) Expoñer este expediente ó público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Lugo polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaren reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.”

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con dez votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista, dous votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Mixto e tres abstencións do Grupo Municipal do Partido Popular.



CONCELLO DE
MONFORTE
DE LEMOS

SECRETARIA

Non habendo máis asuntos a tratar, o Sr.Alcalde-Presidente levanta a sesión sendo as vinte horas e corenta e cinco minutos do mesmo día, de todo o cal, como Secretario, certifico.

Vº e pr.
O Alcalde,